


BOLETÍN 2 – TEMA 6



1. Di que mide cada un dos parámetros sinalados cun número no resultado da espirometría.
2. Un paciente sofre unha lesión medular a nivel de C4.
 - a) Explica como pode verse afectada a súa respiración.
 - b) Que músculo principal pode quedar comprometido?
3. Se a presión atmosférica a nivel do mar é 760 mmHg:
 - a) Calcula a PO_2 ao 21 %.
 - b) Se a presión baixa a 500 mmHg, canto sería a nova PO_2 ?
 - c) Explica como afecta isto á difusión nos alvéolos.
4. Unha persoa ten anemia (baixa hemoglobina).
 - a) A ventilación pulmonar é normal, pero pode haber hipoxia? Por que?
 - b) Que adaptacións podería activar o organismo?
5. Dous pacientes presentan alteracións:
Paciente A: diminución marcada da capacidade vital.
Paciente B: dificultade principalmente para expulsar o aire. Xustifica as respostas.
 - a) Cal podería ter unha enfermidade restritiva?
 - b) Cal podería ter unha enfermidade obstrutiva?
6. Un paciente fumador presenta:
Expectoración abundante pola mañá.
Disnea progresiva.
Espirimetría con diminución do fluxo espiratorio.
 - a) Que patoloxía sospeitarías?
 - b) Que cambios estruturais se producen nos pulmóns?
 - c) É reversible? Xustifica.

7. Un cantante perde capacidade para emitir sons agudos.

- a) Que cambios nas cordas vocais poderían explicalo?
- b) Como inflúe a tensión das cordas na frecuencia?
- c) Que estrutura regula a presión do aire necesaria para a emisión da voz?